



Código do documento	Código do expediente
<b>USG13100MV</b>	<b>USG/2019/95</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
102X 4D12 0Q6H 6F10 07GJ	

**ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL CELEBRADA O DÍA QUINCE DE XUÑO DE DOUS MIL DEZANOVE.**

En Culleredo ás doce horas e un minuto do día quince de xuño de dous mil dezanove, reúnen no Salón de Sesións da Casa Consistorial deste Concello, previa convocatoria, os concelleiros e concelleiras que foron proclamados electos o 31 de maio de 2019 pola Xunta Electoral de Zona de A Coruña como consecuencia dos resultados das últimas eleccións locais que tiveron lugar o pasado día 26 de maio, que de seguido se relacionan, que constitúen a totalidade dos/as concelleiros/as electos/as desta Corporación, coa finalidade de celebrar a sesión pública constitutiva da Corporación municipal, que se desenvolverá conforme ó esquema incluído na convocatoria:

**CONCELLEIROS/AS ELECTOS/AS ASISTENTES:**

**PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL (PSdeG-PSOE)**

JOSÉ RAMÓN RIOBOO CASTRO

MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL

DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS

MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES

JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE

MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA

MIGUEL SUÁREZ GARCÍA

YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ

MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ

MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ

CARLOS LIÑARES GESTAL

SUSANA AMOR FERNÁNDEZ

**PARTIDO POPULAR (PP)**

ISASKUN GARCÍA GOROSTIZU

ALFONSO RICO VEREA

ANTÓN PRIETO GARCÍA

**BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**

ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO

C.I.F. P-1503100-H



Código do documento	Código do expediente
USG13I00MV	USG/2019/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
102X 4D12 0Q6H 6F10 07GJ	

MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA

GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

**ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (AV)**

MARIA ALICIA FERREIRO VARELA

EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA

SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Dá fe do acto a secretaria xeral do Concello, dona Pilar María Pastor Novo e asiste a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro

A Sra. secretaria declara aberta a sesión e procede a dar lectura ás disposicións aplicables á constitución dos concellos establecidas no artigo 195.1 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral.

C.I.F. P-1503100-H

**1.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE E COMPROBACIÓN DAS CREDENCIAIS DOS MEMBROS ELECTOS.**

A continuación a Sra. Secretaria procede a chamar aos concelleiros electos de maior e menor idade ó obxecto de constituí-la Mesa de idade, que de conformidade co disposto no artigo 195.2 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, na súa redacción actual, e no artigo 37.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, estará constituída polo concelleiro electo de maior idade, don Alfonso Rico Verea, do Partido Popular, que actuará como presidente, polo concelleiro electo de menor idade, dona Antón Prieto García, do Partido Popular, e pola secretaria xeral da Corporación que invita aos primeiros a que suban ao estrado e ocupen os lugares destinados para o efecto, quedando deste xeito constituída a Mesa de idade.

A continuación a Sra. Secretara procede a dar lectura ao nome e apelidos de cada un dos/as candidatos/as electos que figuran na Acta de Proclamación de Electos de data 31 de maio de 2019 remitidas pola Xunta Electoral de Zona de A Coruña. Informa de que tódolos/as candidatos/as electos presentaron as declaracións de bens patrimoniais e da participación en sociedades, e as declaracións de actividades, así como que as súas credenciais obran na Secretaría Xeral.

Seguidamente a Mesa de Idade, de conformidade co previsto no artigo 195.3 da LOREG procede a comprobar as credenciais presentadas con base á acta de proclamación de electos remitida pola Xunta electoral de Zona de A Coruña.

O presidente da Mesa manifesta que comprobado que se teñen presentado as credenciais e as declaración de bens patrimoniais e de actividades e outras causas de posible incompatibilidade por todos/as os/as candidatos/as electos, e que asisten á sesión a totalidade dos/as concelleiros/as, cúmprese co requisito da maioría esixida pola normativa vixente para a celebración da sesión constitutiva, procedéndose de seguido ao xuramento ou promesa e toma de posesión dos cargos de concelleiros/as.



Código do documento	Código do expediente
USG13I00MV	USG/2019/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
102X 4D12 0Q6H 6F10 07GJ	

## 2.- TOMA DE POSESIÓN DOS CARGOS ELECTOS A TRAVÉS DE XURAMENTO OU PROMESA.

De seguido pásase ao xuramento ou promesa do desempeño do cargo polos concelleiros e concelleiras electos segundo a fórmula establecida polo Real decreto 707/1979, do 5 de abril. A Sra. secretaria chama, en primeiro lugar ao presidente da Mesa de idade e ó vogal, e de seguido aos/ás demais membros electos pola orde que figuran na acta de proclamación de electos da Xunta Electoral de Zona que, un a un, prestan xuramento ou promesa.

## 3.- CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Trala toma de posesión dos cargos de concelleiros/as o Sr. presidente da Mesa de idade declara que cumpridos os requisitos legais e rematado o acto de xuramento ou promesa procede declarar válidamente constituída a nova Corporación municipal de Culleredo, e manifesta que de seguido se procederá á elección de alcalde do Concello entre os membros da Corporación que encabezan as súas correspondentes listas.

## 4.- ELECCIÓN DE ALCALDE.

A continuación, con permiso da Presidencia, intervén a Sra. Secretaria e procede a dar lectura ao artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente da Mesa de Idade e manifesta que os concelleiros que encabezan as correspondentes listas son os seguintes:

1. Don José Ramón Rioboo Castro (PSdG-PSOE)
2. Dona Izaskun García Gorostizu (PP)
3. Don Enrique Antonio Chouciño Garrido (BNG),
4. Dona María Alicia Ferreiro Varela (AV)

e pregunta qué concelleiros/as dos que encabezan as listas presentan a súa candidatura, contestando afirmativamente: Don José Ramón Rioboo Castro (PSdG-PSOE), Dona Izaskun García Gorostizu (Partido Popular), e Dona María Alicia Ferreiro Varela (Alternativa dos Veciños), e manifesta que non presenta candidatura Don Enrique Antonio Chouciño Garrido (Bloque Nacionalista Galego).

Ante a renuncia do número 1 da lista do Bloque Nacionalista Galego procédese a preguntar aos números 2 e 3 da dita lista, dona María Beatriz Pérez Mosquera e Don Gonzalo Méndez Mosquera (Bloque Nacionalista Galego) se desexan presentar candidatura, ao que responden en sentido negativo.

De seguido intervén o Sr. Presidente da Mesa de Idade e manifesta que oídas as respostas son proclamados candidatos/as ao cargo de alcalde do Concello de Culleredo os/as seguintes:

### **Candidatos**

D. José Ramón Rioboo Castro  
D<sup>a</sup> Izaskun García Gorostizu  
D<sup>a</sup> María Alicia Ferreiro Varela

### **Lista electoral**

PsdeG-PSOE  
Partido Popular  
Alternativa dos Veciños



Código do documento	Código do expediente
<b>USG13I00MV</b>	<b>USG/2019/95</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
102X 4D12 0Q6H 6F10 07GJ	

A continuación procédese a determinar o sistema de votación para a elección de Alcalde. Polo Sr. Presidente da Mesa de Idade se propón que o sistema de votación sexa a votación nominal, que consiste en que unha vez nominado cada un dos/as Concelleiros/as por orde alfabético de apelidos, cada un pronunciará o seu voto, respecto das candidaturas que se presenten, sendo elixido alcalde, de conformidade co disposto polo artigo 196 da Lei orgánica 5/1986, de 19 de xuño, o candidato que obteña a maioría absoluta de votos na primeira votación e, no seu defecto, o candidato da lista que obtivera máis votos nas eleccións.

Seguidamente sométese a votación ordinaria a proposta do Sr. Presidente da Mesa de Idade, que é aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobado o sistema de votación nominal para elección de Alcalde.

Deseguido procédese a realizar a votación e os Sres/as concelleiros e concelleiras electos chamados por orde alfabética de apelidos van nomeando o candidato ao que dan o seu voto, co seguinte resultado:

C.I.F. P-1503100-H

<u>Relación de concelleiros</u>	<u>sentido do seu voto</u>
Dª Susana Amor Fernández (PSOE)	D. José Ramón Rioboo Castro
D. Enrique Antonio Chouciño Garrido (BNG)	Abstención
Dª María Alicia Ferreiro Varela (AV)	Dª María Alicia Ferreiro Varela
Dª Marta María Figueroa Fuentes (PSOE)	D. José Ramón Rioboo Castro
Dª Izaskun García Gorostizu (PP)	Dª Izaskun García Gorostizu
Dª Marta María Iglesias Becerra (PSOE)	D. José Ramón Rioboo Castro
D. Mario Alfonso Iglesias López (PSOE)	D. José Ramón Rioboo Castro
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle (PSOE)	D. José Ramón Rioboo Castro
D. Carlos Liñares Gestal (PSOE)	D. José Ramón Rioboo Castro
Dª. María Penélope López Díaz (PSOE)	D. José Ramón Rioboo Castro
Dª. Sandra María Marzoa García (AV)	Dª. María Alicia Ferreiro Varela
D. Gonzalo Méndez Mosquera (BNG)	Abstención
Dª. Yessica Méndez Sánchez (PSOE)	D. José Ramón Rioboo Castro
D. Eduardo José Mourelle Botana (AV)	Dª. María Alicia Ferreiro Varela
Dª. María Beatriz Pérez Mosquera (BNG)	Abstención
Dª. María Guadalupe Pombo Carril (PSOE)	D. José Ramón Rioboo Castro
D. Antón Prieto García (PP)	Dª. Izaskun García Gorostizu
D. Alfonso Rico Vereá (PP)	Dª. Izaskun García Gorostizu



Código do documento	Código do expediente
<b>USG13I00MV</b>	<b>USG/2019/95</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
102X 4D12 0Q6H 6F10 07GJ	

D. José Ramón Rioboo Castro (PSOE)	D. José Ramón Rioboo Castro
D. Diego Antonio Taibo Monelos (PSOE)	D. José Ramón Rioboo Castro
D. Miguel Suárez García (PSOE)	D. José Ramón Rioboo Castro

Unha vez efectuada a votación procédese a realiza-lo escrutinio, co seguinte resultado que é anunciado pola secretaria da Mesa de idade:

<b>Candidatos</b>	<b>votos obtidos</b>
D. José Ramón Rioboo Castro	12
D <sup>a</sup> . Izaskun García Gorostizu	3
D <sup>a</sup> María Alicia Ferreiro Varela	3
Abstencións	3

A secretaria da Mesa de Idade, declara que á vista do resultado da votación, sendo o número de votos dos concelleiros/as de 21, o candidato que obtén a maioría absoluta é Don José Ramón Rioboo Castro.

C.I.F. P-1503100-H

Á vista do resultado da votación, a Mesa de Idade proclama Alcalde do Concello de Culleredo ao candidato da lista electoral do Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español, Don JOSÉ RAMÓN RIOBOO CASTRO.

## **5.- XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE ALCALDE**

A continuación o sr. Presidente da Mesa de Idade, Sr. Rico Vereá, pregunta ao Sr. Rioboo Castro se acepta o cargo de Alcalde do Concello de Culleredo, ao que o Sr. Rioboo Castro responde que sí. O sr. Presidente da Mesa de Idade invítalle a que preste xuramento ou promesa de acatamento á Constitución.

Don José Ramón Rioboo Castro presta o seu xuramento de acordo coa fórmula establecida polo Real decreto 707/1979, do 5 de abril.

O Presidente da Mesa de idade declara que cumprimentado o xuramento de acatamento á Constitución queda posesionado do cargo de Alcalde do Concello de Culleredo Don José Ramón Rioboo Castro, entregándolle o bastón de mando, como símbolo das atribucións propias do cargo, ocupando de seguido a cadeira presidencial o Sr. Rioboo Castro e abandonando o Presidente e o Vogal a Mesa que queda disolta e ocupando os seus escanos.

Acto seguido fai uso da palabra o señor alcalde quen intervén nos seguintes termos:

“Compañeiros e compañeiras do grupo socialista, concelleiros e concelleiras da Corporación, veciños e veciñas, amigos e amigas:

Hoxe é sen dúbida un dos días máis felices da miña vida. Asumir o cargo de alcalde de Culleredo, do pobo no que nacín, no que resido coa miña familia e no que quero que se asenten os meus fillos, é un dos máximos orgullos que un pode vivir. Non polo feito en si de ser alcalde, senón pola posibilidade que me dá para contribuír con ideas, políticas e sobre todo moito traballo ao avance do que é para min o municipio máis importante do mundo.

5 de 10



Código do documento	Código do expediente
<b>USG13100MV</b>	<b>USG/2019/95</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
102X 4D12 0Q6H 6F10 07GJ	

Recibo por segunda vez este simbólico bastón de mando consciente da responsabilidade infinita que supón coa cidadanía. A primeira trala marcha de Julio Sacristán e esta vez tralo apoio maioritario e confianza que preto de sete mil veciños deron á candidatura que eu lideraba ao fronte do Partido Socialista. Este apoio, dos máis importantes a unha candidatura na historia de Culleredo, inculcará un maior afán de superación e esforzo para procurar a excelencia para o noso Concello, e por conseguinte para os nosos veciños e veciñas. Gracias compañeiros e compañeiras de candidatura polo voso incansable apoio. Gracias de corazón.

O proxecto que mereceu o respaldo do pobo de Culleredo tiña como ingredientes principais a calidade de vida e o benestar. Vou ser absolutamente fiel con estes dous conceptos como fundamentos para o novo goberno. Creo absolutamente no potencial e valores que ten Culleredo como lugar ideal para vivir, para traballar, para progresar, e baixo ese prisma funcionará o Concello.

Coido que estes primeiros 18 meses como alcalde serviron como os cimentos do gran proxecto que merece Culleredo. Tratouse un tempo moi valioso para botar a andar a miña idea do Culleredo do futuro. Puxemos as sementes para uns proxectos ambiciosos que xa empezan a sacar raíces e que crecerán pouco a pouco, diso non teñades ningunha dúbida.

Hoxe é un día de compromisos. Comeza agora o traballo nunha nova corporación, 21 persoas nas que os cidadáns de Culleredo depositaron a súa representación para os próximos catro anos. Todos nós, ben no goberno, ou ben na oposición, temos nas nosas mans un encargo de extrema responsabilidade e debemos responder con honra e sensatez. Debemos ser exemplo de unión polo interese xeral porque os veciños e veciñas de Culleredo contan con nós.

O apoio rotundo que obtiven dos veciños e veciñas de Culleredo me fortalecen para conceder a maior das prioridades a ámbitos tan importantes para os socialistas, como o benestar social, o deporte, a educación ou a cultura. Esa é a impronta que caracteriza ao noso partido e que sempre destacou e destacará a Culleredo de entre os municipios galegos.

Comprométome a traballar sen descanso para cumprir punto por punto todas as nosas ideas para o avance de Culleredo. Quero impulsar un Concello dinámico, sensible a todas as realidades e colectivos sociais, equitativo e xusto, enfocando na calidade de vida como prioridade inaprazable. A rexeneración urbana, o incremento de servizos e equipamentos, a promoción do noso rural ou as políticas dirixidas á nosa mocidade constituirán obxectivos de primeira orde para os próximos catro anos.

Estou convencido de que os verdadeiros protagonistas do goberno de Culleredo deben ser os cidadáns. Todas as nosas políticas irán orientadas aos seus desexos e demandas. Dedicarei todo o tempo que sexa necesario a falar cos veciños e veciñas. As miñas portas estarán sempre abertas, sabédelo. A mellor cualidade do noso goberno será a de escoitar.

Quero rubricar aquí o meu compromiso firme pola defensa constante dos intereses dos veciños e veciñas de Culleredo. Os dereitos da nosa cidadanía antepoñeranse a calquera outro propósito alleo. Loitarei onde teña que loitar por cumprir as nosas demandas, porque a miña única alianza é co pobo de Culleredo.

Hoxe é un día de agradecementos. De profundos e sentidos agradecementos. En primeiro lugar para os veciños e veciñas de Culleredo, polo inmenso apoio recibido o pasado 26 de maio. Foi moi emocionante todo o ánimo que percibiamos en cada parroquia e núcleo que visitabamos e foi moi gratificante a confianza obtida nas eleccións. Moitísimas grazas por crer no noso proxecto para Culleredo. Sen vós, non sería posible.

En segundo lugar, para os meus compañeiros e compañeiras e todas as persoas que colaborastes no noso proxecto. Cada un fostes e seredes pezas fundamentais para este desafío que temos por diante. Teremos momentos



Código do documento	Código do expediente
USG13I00MV	USG/2019/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
102X 4D12 0Q6H 6F10 07GJ	

fermosos de satisfacción e de alegría, e seguro que padeceremos algunha que outra preocupación e pena porque temos ante nós un reto de gran dimensión nun lugar que queremos. A idea do servizo a Culleredo será a nosa forza para avanzar sempre adiante.

E por último, quero agradecer de corazón o apoio incesable que recibín dos meus seres máis próximos: a miña familia. Tiveron que soportar algún dos meus disgustos e agobios pola rabia que me daba non poder ás veces dar a resposta inmediata a cousas que me pedían os veciños. E padeceron con xenerosidade períodos no que vían menos ao seu marido, ao seu pai, ao seu fillo. Quero compartir con vós este momento, porque nada do que dixen antes tería sentido sen a vosa presenza e respaldo. Moitísimas grazas.

Conclúo xa refrendando ante todos e todas vós o meu pacto cos veciños e veciñas de Culleredo. Un pacto pola igualdade de oportunidades, polo emprego, pola xustiza social, a educación. Un pacto pola ilusión dun futuro mellor.

CULLEREDO SEMPRE ADIANTE. Moitas grazas.”

## **6.- CUMPRIMENTO DO ESTABLECIDO NO ARTIGO 36.2 DO REAL DECRETO 2568/1986, DE 28 DE NOVIEMBRE.**

A continuación, con permiso da Presidencia, fai uso da palabra a Sra. Secretaria Xeral quen, unha vez concedido informa que o artigo 36.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, establece que os secretarios e interventores tomarán as medidas precisas para que o día da constitución das novas Corporacións Locais, se efectúe un arqueo e estén preparados e actualizados os xustificantes das existencias en metálico ou valores propios da Corporación, depositados na Caixa municipal ou entidades bancarias, así como a documentación relativa ao inventario do patrimonio da Corporación e dos seus organismos autónomos.

Polo que respecta á Secretaría, di que está a disposición dos sres/as concelleiros/as, a documentación relativa ao Inventario da Corporación, así como o informe emitido por ela e procede a dar lectura ao informe de Secretaría de data 14 de xuño de 2019 que, transcrito di:

### **“ INFORME DE SECRETARÍA**

Para dar cumprimento ao que dispón o artigo 36.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (en adiante, R.O.F.), emítase o presente informe :

1.- O artigo 36.2 do R.O.F. dispón que o Secretario tomará as medidas precisas para que o día da constitución das novas Corporacións Locais estea preparada a documentación relativa ao Inventario do patrimonio da Corporación.

2.- Para cumprir coa obriga mencionada, emítase este informe que se basa nas seguintes consideracións:

**Primeira.-** Consultado o Libro de Actas do Pleno, resulta que o Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada en data 8 de xuño de 1999, adoptou o acordo de aprobación definitiva do inventario modificado e autorizado pola Secretaria Municipal, co visto e praxe do sr. Alcalde co resumo que se detalla a continuación:

Epígrafe	Valoración
Terreos e bens naturais	1.059.825.015.-

Código do documento	Código do expediente
<b>USG13I00MV</b>	<b>USG/2019/95</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
102X 4D12 0Q6H 6F10 07GJ	

Infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	813.432.085.-
Fincas rústicas	1.291.172.431.-
Industriais	17.013.600.-
Administrativos	157.907.844.-
Outras construcións	680.772.590.-
Automóviles	8.518.000.-
<b>TOTAIS</b>	<b>4.028.641.565.-</b>

**Segunda.**- Nesta Secretaría obra un documento que leva por título "Inventario de bens e dereitos" datado na súa portada no ano 1998, que consta dos seguintes tomos:

1. Tomo I: Listados
2. Tomo II: Bens inmobles – construcións
3. Tomo III: Bens inmobles – terreos I
4. Tomo IV: Bens inmobles – terreos II
5. Tomo V: Bens inmobles – vías públicas
6. Tomo VI: Outros mobles e vehículos
7. Tomo VII: Fotografías
8. Tomo VIII: Cartografía (que non ten ningún documento)
9. Tomo IX: Planos – I
10. Tomo X: Planos – II
11. Un cilindro de cartón que contén varios planos a escala 1:5000, datados no ano 1984

C.I.F. P-1503100-H

Neste documento, no tomo I, consta dilixencia estendida polo secretario xeral en funcións, D. Javier Varela Tejedor, de data 29 de decembro de 2003, na que se fai constar que con esa data e en cumprimento do disposto no artigo 32 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, queda autorizado o Inventario de Bens Municipais, aprobado definitivamente na sesión plenaria o día oito de xuño de mil novecentos noventa e nove cunha valoración total de 4.028.641.565 .

**Terceira.**- Polo Pleno da Corporación en sesión de data 29 de decembro de 2011 acordouse aprobar a incorporación ao inventario de cinco bens cos códigos que se indican .

E por acordo plenario de data 23 de decembro de 2014 acordouse aprobar inicialmente a rectificación anual do inventario de bens, dereitos e accións que ofrece o resume que se achea como anexo ao presente informe, expor ao público o expediente por un prazo de 20 días hábiles e especificándose no mesmo que no caso de non presentarse reclamacións o acordo entenderíase elevado a definitivo.

E por acordos plenarios de datas 22 de decembro de 2015, 26 de maio de 2016 e 29 de decembro de 2016 acordouse dar de baixa determinados bens e incorporar/modificar outros.

Non ostante este acordos plenarios, o inventario aínda non se atopa actualizado, polo que se informa da necesidade da súa actualización."



Seguidamente, pola Sra. Secretaria xeral procédese a dar lectura á acta de arqueo extraordinaria de data 15 de xuño de 2019 que, transcrita di:

“

<b>ACTA DE ARQUEO EXTRAORDINARIA REALIZADA O DÍA 15 DE XUÑO DE 2019 CON MOTIVO DO CAMBIO DE CORPORACIÓN</b>
---

VALORES	
EXISTENCIA EN CAIXA – VALORES	2.882.937,41 €
TOTAL VALORES:	2.882.937,41 €

METÁLICO (CAIXA CORPORACIÓN)	
EXISTENCIA EN CAIXA – METÁLICO	0,00 €
TOTAL CAIXA-METÁLICO:	0,00 €

C.I.F. P-1503100-H

METÁLICO (CONTAS BANCARIAS)	
ES02 0049 6039 4128 1045 6459	1.046.446,29 €
ES59 0049 6039 4225 1601 3630	1.364,05 €
ES67 0081 2310 7100 0108 7314	1.123.024,20 €
ES10 0182 6244 4207 1850 0171	1.792,27 €
ES60 0182 6244 4002 0015 0284	1.381.582,49 €
ES55 0238 8119 6606 6000 0173	472.738,58 €
ES08 2080 0065 3131 1000 0137	48.364,89 €
ES78 2080 0065 3230 4000 6441	57.620,64 €
ES27 2080 0065 3331 1000 0182	9.311,56 €
ES79 2080 0065 3731 1000 0020	7.380.878,87 €
ES26 2100 3868 0702 0000 3793	816.422,18 €



Código do documento	Código do expediente
USG13I00MV	USG/2019/95
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
102X 4D12 0Q6H 6F10 07GJ	

ES43 2100 8685 3502 0000 0855	827,19 €
ES66 2080 0065 3330 4001 2622	2.000,00 €
<b>TOTAL CONTAS BANCARIAS-METÁLICO:</b>	<b>12.342.373,21 €</b>

Os saldos bancarios corresponden á data trece de xuño de dous mil dezanove segundo se expresa nos correspondentes certificados das distintas entidades financeiras.

E para que conste, esténdese a presente acta en Culleredo a quince de xuño de dous mil dezanove.”

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión ás doce horas e corenta minutos do día no encabezamento sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

C.I.F. P-1503100-H

Visto e prace,  
O Alcalde-Presidente  
(asinado dixitalmente)

(asinado dixitalmente)

RIOBOO CASTRO,  
JOSE RAMON  
Alcalde-Presidente  
19/06/2019 13:48

PASTOR NOVO, PILAR MARÍA  
Secretaria Xeral  
19/06/2019 13:44